

BELA E PERDIDA

[Pietro Marcello, 2015]

139

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Bella e perduta (2015, 88')

Dirección: Pietro Marcello

Guión: Maurizio Braucci, Pietro Marcello

Participación: Elio Germano, Sergio Vitolo, Gesuino Pittalis, Tommaso Cestrono

Montaxe: Frédéric Baillehaiche

Son: Riccardo Spagnol

Música: Marco Messina

Fotografía: Salvatore Landi, Pietro Marcello

Produtora: L'Avventurosa Film (Italia)

Distribuidora: Film Buró

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2015 (Premio do xurado ecuménico, Premio do xurado mozo), Göteborg 2015 (Premio ao mellor debut internacional). Participou nas seccións oficiais de Locarno 2015, Doclisboa 2015, CPH:DOX 2015, Indiewire 2015 e Punto de Vista 2016.

FILMOGRAFÍA

Il silenzio di Pelesjan, 2011

La bocca del lupo, 2009

Il passaggio della linea, 2007

«Como lle sucedía a Godard en *Adeus á linguaxe*, a animalidade para Marcello non é sinónimo de monstruoso, senón exemplo dunha pureza esvaecida no catálogo dos xestos humanos, dunha comunión coa natureza xa dificilmente recuperábel.»

Paula Arantzazu Ruiz. CINEMANÍA

SINOPSE

Un pastor desexa salvar a un búfalo chamado Sarchiapone e para iso deberá emprender unha viaxe ao norte de Italia. Tras a súa morte outro pastor debe iniciar unha viaxe para cumprir coa súa última vontade. Deste xeito móvense por Italia para encontrar o animal e levalo ao norte, nunha aventura na que percorreren o país, viaxando a través de fermosas paraxes, covas etruscas, árbores da morte e palacios en ruínas.



BELA E PERDIDA

[Pietro Marcello, 2015]

“O conflito hoxe dáse entre o capitalismo e a natureza”

Entrevista a Pietro Marcello e Maurizio Braucci

Por Charlotte van Zanten

Como descubristes o Palacio Real de Carditello?

Pietro Marcello: A idea era facer unha viaxe por Italia. Queríamos filmar o campo, o lugar no que me criei. Durante a viaxe coñecemos a Tommaso, o garda do palacio e decidimos centrarnos nel. Mais logo de dous meses morreu.

Queres dicir que o personaxe morreu?

Iso é ter mala sorte. **PM:** Si, foi moi triste. Continuamos a nosa historia só co búfalo que pasaba a ser de novo un personaxe orfo. Tomasso salvou moitos animais. Na industria moderna non hai lugar para os búfalos que non dan leite. No pasado traballaban a terra, mais o progreso técnico substituíu as súas tarefas. E son moi caros para a industria cárnica. Unha vaca precisa seis meses para medrar mais o búfalo precisa dous ou tres anos.

Maurizio Braucci: Tomasso era coñecido na zona como un símbolo do rural. Encarnaba o honesto granxeiro loitando por preservar a terra fronte ao lixo tóxico. Loitando contra o goberno.

E pro camorra? Puiden escoitar xente berrando camorra no filme.

MB: Si, é certo. A xente é pro mafia porque así se senten protexidos. Representan o local, o poder tribal.

E logo de que Tomasso morrese decidistes escribir unha ficción?

PM: A idea era crear un conto de fadas. O noso punto de partida era Tomasso, que vivía neste palacio abandonado e coidaba dos animais. Logo do seu pasamento, o búfalo converteuse no personaxe importante e tamén desenvolvemos o personaxe de Pulcinella, que guiaba o búfalo orfo. Foi complicado decidir se empregar ou non a súa figura. En Italia é un cliché e fóra a xente non acertaría a saber quen é. Ademais Pulcinella non é un pallaso, é unha figura trágica. Ti que opinas, ficou claro para ti?

Ficou, si. Porque non fixestes unha longametraxe no sentido tradicional do termo, gústame a vosa escolla de

empregar un arquetipo. **MB:** A cuestión é: que é un filme independente? É algo que non queres controlar desde o comezo até o final. O filme industrial está conducido por un guión. O noso filme é independente, o proceso foi dialéctico. Pietro tamén foi produtor do filme.

PM: Si, a edición foi moi importante, para facer que a historia avanzase tivemos que nos sentar ao pé do montador.

MB: Mentres filmabamos iamos descubrindo a historia. Iso é un filme independente.

PM: Iso foi tamén porque o noso guión estaba incompleto. Hai sempre unha transición. O guión escrito pode ser un gran texto mais pode non funcionar no filme. Sempre teño moitas dúbidas co guión. Pode ser complicado atopar bos diálogos.

Foi a primeira vez que xogastes coa ficción. Tedes en mente facer outro filme similar?

PM: Non estou interesado na ficción pura. Gustaríame continuar a facer un cinema diferente. Experimentar, atopar novos camiños. Facer un filme tradicional parécese realmente aburrido. Mais aínda preciso entender que dirección tomar.

MB: Non cres que o cinema está a cambiar?

Si, desde logo. Os directores están a explorar as fronteiras entre ficción e realidade.

PM: Sobre todo a min gustaríame continuar a facer filmes sobre o meu país.

De onde che vén ese patriotismo?

Quería preguntarcho porque xa che escoitei nomear «o meu país» varias veces. **PM:** [Risais] Non, non se trata diso, referíame a que me gusta o campo, a terra, se cadra porque aí é onde nacemos.

Alégrame que quedara claro. **MB:** A nós gústanos os tomates, as cebolas, a terra.

E os animais? **MB:** Quero os animais. O veganismo é o futuro. A pasada noite falamos sobre o feito de que hoxe o conflito se dá entre o capitalismo e a natureza.

Credes que ese conflito se ha resolver en 50 anos? **PM:** Creo que no futuro a xente vai marchar das áreas urbanas. Son de feito un lugar complicado para vivir.

MB: Todos os conflitos globais recentes foron causados pola nosa avaricia polos combustíbeis fósiles. A xente foxe da guerra e a pobreza.

Publicada en www.roffamonamour.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME